

## DOAR MATERIAIS Á BIBLIOTECA?

Na biblioteca admitimos os vosos libros, revistas, cd, dvd... que xa non precisades. Pero non podemos aceptar todos os materiais para que a colección non se descompense e por cuestións de espazo.

Quen queira facer unha doazón, terá que cubrir unha folla cos seus datos, acompañado dunha listaxe (ver o arquivo adxunto) de todos os materiais que quere doar antes de entregar os fondos. Ese impreso pódese enviar por correo a [comprasbps@xunta.gal](mailto:comprasbps@xunta.gal) ou entregar directamente no mostrador do andar baixo.

Unha vez recibida a listaxe, na biblioteca decidiremos que títulos nos interesan e cales non e porémonos en contacto coa persoa para dicirlle que pode facer efectiva a doazón dos materiais preseleccionados.

Non admitiremos doazóns que non cumpran estes requisitos.

Por favor, revisade ben o que admitimos e o que non. Moitas grazas polas vosas achegas!



## DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[Admisión de doazóns](#)

---

<https://bibliotecas.xunta.gal/gl/como-podo/doar-materiais-biblioteca>